



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

24 de abril de 2025

Duración:

Desde las 12:05 hasta las 12:40

Lugar:

Casa Consistorial

Presidida por:

JOSÉ PARDO LOMBAO

Secretario:

Cristina Castro Fuentes

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila (BNG)	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ (PP)	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO (PP)	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García (PP)	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín (PP)	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ (PP)	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR (BNG)	SÍ
36071720S	María del Carmen Acacio López (PSOE)	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela (PP)	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo (PP)	SÍ
34279261S	Noelia Pardeiro Fompedriña (PP)	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao (PP)	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas (PP)	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Iniciase a sesión con Noelia Pardeiro Fompedriña sentada no público.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 1

Resolución:

Sométese a aprobación a acta da sesión de 27 de febreiro de 2025. A concelleira socialista Carmen Acacio toma a palabra e di que a acta está incompleta, que non figura ningún debate recollido.

A Secretaría manifesta que descoñece ese feito, que pode ser algún erro.

O Alcalde somete igualmente a votación a acta da sesión, aínda con esta incidencia, resultando aprobada por 11 votos a favor (9 do PP, 1 BNG (Elvira) e 1 do PSOE) e 1 abstención (de Miguel Vieito).

Toma de posesión de concelleira do BNG Noelia Pardeiro

Intervén a Secretaria e manifesta que consta a presentación da credencial expedida pola Xunta Electoral Central de 19 de marzo de 2025 en favor de Noelia Pardeiro Fompedriña na lista electoral do BNG. Que non se aprecia causa de incompatibilidade na concelleira electa e que consta presentada a declaración de bens e actividades ante a Secretaría da Corporación.

A continuación a concelleira levántase do seu asento no público e achégase ao alcalde, quen procede a tomarlle xuramento ou promesa á candidata proclamada electa.

A tal fin, o Alcalde pregúntalle:

NOELIA PARDEIRO FOMPEDRIÑA, xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade ao rei, gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

A concelleira responde que xura.





A concelleira Noelia Pardeiro Fompedriña procede a tomar posesión do seu asento.

Expediente 451/2025. Planificación e Ordenación de Persoal (3º modificación RPT)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O Sr. Alcalde explica o punto a tratar, debater e votar relativo á modificación 3º da Relación de Postos de Traballo, que se copia:

“MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (3º)

AMORTIZACIÓN DO POSTO DE ALGUACIL-PORTEIRO, CREACIÓN DO POSTO DE TESOUREIRO POR MANDATO LEGAL (MANTENDO O POSTO DE ADMINISTRATIVO)

.- Relación de Postos de traballo do Concello de Outeiro de Rei aprobada definitivamente e publicada a aprobación definitiva en data 2 de decembro de 2020.

.- 1º modificación do documento da Relación de Postos de Traballo publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 5 de abril de 2022

.- 2º.- modificación do documento da Relación de Postos de Traballo publicada a modificación aprobada definitivamente no BOP de Lugo de 21 de xuño de 2024.

ANTECEDENTES

Dacordo co disposto na disposición transitoria sétima de la Lei 27/13, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de la administración local, *“ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga por la correspondente Lei de Orzamentos xerais del Estado, excepcionalmente, cando en las Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, la imposibilidade de que las funciones de tesourería e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira de la Deputación Provincial o entidades equivalentes, #de acordo con o previsto nel artigo 36 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, o cando quede acreditado que isto no resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos en la Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Deputacións Provinciais o entidades equivalentes”*.





Chegado o 1 de xaneiro de 2017 sen que se prorrogase a anterior disposición, e non arbitrándose ningunha solución normativa alternativa, resulta que todos os concellos cuxa poboación sexa inferior a 20.000 deberán contar necesariamente cun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, para exercer a través do mesmo as funcións asignadas á tesourería local.

A solución pasa por crear un posto de Tesourería reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, ben sexa propio do concello, ben a través dunha das agrupacións previstas no artigo 11 del Decreto 49/2009, del 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Así, o artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, regula os postos de tesourería, nos seguintes termos:

Artigo 14. Tesourería.

1. Nas Corporacións Locais cuxa Secretaría estea clasificada en primeira o segunda clase, existirá un posto de traballo denominado Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa de las funciones enumeradas nel artigo 5 deste real decreto.
2. Os postos a que se refire el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención-Tesourería.
3. As Entidades Locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase 2.^a e 3.^a, poderán agruparse entre si para o sostemento en común dun posto único de Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

Polo tanto, como consecuencia da Baixa por xubilación de quen na actualidade ocupa o posto de Administrativo-Tesoureiro, este concello ten a obriga legal de crear o posto de Tesoureiro Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Trátase dunha obriga imposta pola DT7º da Lei 27/13.

Esta esixencia conleva a necesaria modificación (3º) da RPT deste Concello de Outeiro de Rei para regular de forma independente o posto de Tesoureiro e o posto xa existente de administrativo (sen a especialidade da Tesourería)

O novo posto de Tesoureiro será do Grupo A1, nivel de CD 30 e o CE o mesmo que na actualidade ten o posto de Administrativo-Tesoureiro pola razón de que as funcións que se lle asignan na ficha da RPT ó novo posto de Tesoureiro son exactamente as mesmas que ten na





actualidade o posto de Administrativo- tesoureiro, e esas funcións xa foron valoradas oportunamente na Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente e publicada esta aprobación definitiva no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2020., cunha puntuación asignada de 75 puntos.

Respecto a praza de administrativo existente, esta queda con funcións xerais de posto de Administrativo sen a especialidade de Tesourería, o que implica que se igualem os complementos específicos aos restantes postos de administrativos existentes cunha puntuación de 55 puntos. No caso concreto do funcionario José Manuel Rivas Martínez disfrutará dun CPT (complemento persoal transitorio) ata completar á perda patrimonial pola diminución do seu CE.

Respecto á praza de alguacil – conserxe, amortízase esta por non ser imprescindible a súa cobertura tras a ampliación de función no posto de vixiante acordada polo Pleno da Corporación en sesión de abril de 2024 e aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o 21 de xuño de 2024.

Acompáñase a este documento a Relación de Postos de Traballo coas modificacións que se proponen.

Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente propono ap Pleno do Concello de Outeiro de Rei:

1º.- Aprobado inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (3º) no que se refire á creación do posto de Tesourería – funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a equiparación da plaza de administrativo ás restantes prazas de administrativo e a amortización do posto de alguacil-conserxe.

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e exposición o público por un período de vinte días conforme establece o artigo 202 da lei de Función Pública de Galicia

Esta modificación entrará en vigor logo da publicación no BOP de Lugo da aprobación definitiva e conforme o disposto para o posto de Tesoureiro no artigo 9 do Decreto 9/2009 da Xunta de Galicia

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica

O alcalde”

Non hai intervencións

Sometida a votación a moción, resulta aprobada por unanimidade

Expediente 448/2025. Elaboración e Aprobación do Orzamento- Modificación do





Anexo de Persoal funcionario I

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O Sr. Alcalde explica ante o Pleno o contido do punto tratar, debater e votar, relativo á modificación do Anexo de Persoal do Orzamento municipal, que se copia:

“PROPOSTA AO PLENO DA CORPORACIÓN

MODIFICACIÓN DO ANEXO DE PERSOAL DE ORZAMENTOS MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI ANO 2025

Dacordo co disposto na disposición transitoria sétima de la Lei 27/13, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de la administración local, “ata o 31 de decembro de 2016, salvo prórroga por la correspondente Lei de Orzamentos xerais del Estado, excepcionalmente, cando en las Corporacións Locais cuxa poboación sexa inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe ao Pleno, la imposibilidade de que las funciones de tesourería e recadación sexan desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, xa sexa con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funcións poderán ser exercidas por funcionarios de carreira de la Deputación Provincial o entidades equivalentes, dacordo con o previsto no artigo 36 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, o cando quede acreditado que isto no resulta posible, por funcionarios de carreira que presten servizos en la Corporación Local. En ambos os casos, deberán ser funcionarios de carreira e actuarán baixo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Deputacións Provinciais o entidades equivalentes”.

Chegado o 1 de xaneiro de 2017 sen que se prorrogase a anterior disposición, e non arbitrándose ningunha solución normativa alternativa, resulta que todos os concellos cuxa poboación sexa inferior a 20.000 deberán contar necesariamente cun posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, para exercer a través do mesmo as funcións asignadas á tesourería local.

A solución pasa por crear un posto de Tesourería reservado a funcionarios con habilitación de carácter nacional, ben sexa propio do concello, ben a través dunha das agrupacións previstas no artigo 11 del Decreto 49/2009, del 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

Así, o artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, regula os postos de tesourería, nos seguintes termos:





Artigo 14. Tesourería.

1. Nas Corporacións Locais cuxa Secretaría estea clasificada en primeira o segunda clase, existirá un posto de traballo denominado Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa de las funciones enumeradas nel artigo 5 deste real decreto.
2. Os postos a que se refire el apartado anterior, estarán reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional de la subescala de Intervención-Tesourería.
3. As Entidades Locais cuxa Secretaría estea clasificada en clase 2.^a e 3.^a, poderán agruparse entre si para o sostemento en común dun posto único de Tesourería, ao que corresponderá a responsabilidade administrativa das funcións propias deste posto de traballo en todos os municipios agrupados.

Polo tanto, como consecuencia da Baixa por xubilación de quen na actualidade ocupa o posto de Administrativo-Tesoureiro, este concello ten a obriga legal de crear o posto de Tesoureiro Funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Trátase dunha obriga imposta pola DT7º da Lei 27/13.

Esta esixencia conleva a necesaria modificación (3º) da RPT deste Concello de Outeiro de Rei para regular de forma independente o posto de Tesoureiro e o posto xa existente de administrativo (sen a especialidade da Tesourería)

O novo posto de Tesoureiro será do Grupo A1, nivel de CD 28 e o CE o mesmo que na actualidade ten o posto de Administrativo-Tesoureiro pola razón de que as funcións que se lle asignan na ficha da RPT ó novo posto de Tesoureiro son exactamente as mesmas que ten na actualidade o posto de Administrativo- tesoureiro, e esas funcións xa foron valoradas oportunamente na Relación de Postos de Traballo aprobada definitivamente e publicada esta aprobación definitiva no BOP de Lugo de 2 de decembro de 2020., cunha puntuación asignada de 75 puntos.

Respecto a praza de administrativo existente, esta queda con funcións xerais de posto de Administrativo sen a especialidade de Tesourería, o que implica que se iguallen os complementos específicos aos restantes postos de administrativos existentes cunha puntuación de 55 puntos. No caso concreto do funcionario José Manuel Rivas Martínez disfrutará dun CPT (complemento persoal transitorio) ata completar á perda patrimonial pola diminución do seu CE.

Respecto á praza de alguacil – conserxe, amortízase esta por non ser imprescindible a súa cobertura tras a ampliación de función no posto de vixiante acordada polo Pleno da Corporación en sesión de abril de 2024 e aprobada definitivamente e publicada no BOP de Lugo o 21 de xuño de 2024.





Con base no anterior e á vista de todos os documentos obrantes no expediente propoño ao Pleno do Concello de Outeiro de Rei:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Persoal do Orzamento municipal do Concello de Outeiro de Rei publicada a súa aprobación definitiva en BOP de Lugo de 17 de setembro de 2024, en relación ao Anexo Funcionarios I:

1.1.- Para que o posto de Tesoureiro pase a estar cuberto por funcionario de Administración Local con habilitación de carácter Nacional, coas retribucións:

Soldo a 14 mensualidades: 17560,44€, CD a 14 mensualidades: 16226,84€, CE a 14 mensualidades: 23.019,50

1.2.- Para que o posto de Administrativo-Tesoureiro se converta en Administrativo coas seguintes retribucións:

Soldo a 14 mensualidades: 11826,64€, CD a 14 mensualidades: 8540€, CE a 14 mensualidades: 18184,32€

José Manuel Rivas Martínez disfrutará dun CPT (complemento persoal transitorio) ata completar á perda patrimonial pola diminución do seu CE, ata a súa xubilación.

1.3.- Amortízase a praza de alguacil

2º.- Aprobada inicialmente procede publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios para alegacións por prazo de 15 días hábiles, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

3º.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación.

En Outeiro de Rei, na data indicada na sinatura electrónica

O alcalde”

Non hai intervencións

Sometido o acordo a votación resulta aprobado pola unanimidade dos concelleiros

Expediente 408/2025. Contratacións (convenio contratacion recollida lixo)	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Resolución:





O Sr. Alcalde explica ante os membros da Corporación o contido do acordo que se somete a aprobación, debate e votación, que se copia:

“D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, expoño:

Actualmente, o servizo de xestión de residuos neste termo municipal estase a prestar mediante o correspondente contrato administrativo de servizos, contrato cuxa vixencia xa expirou e que se levou a cabo no seu día conxuntamente cos municipios de Castro de Rei e Begonte.

Consecuentemente, faise necesaria agora unha nova licitación co gallo de atender de xeito eficiente a prestación deste servizo estratéxico e de prestación obrigatoria en todos os municipios (art. 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local).

Por outra banda, as necesidades de eficiencia e economía, dada a actual situación de crise, aconsellan que os servizos públicos se presten coa meirande relación calidade- prezo. Por este motivo, preténdese seguir coa liña iniciada no ano 2018 (prestación conxunta do servizo de recollida de residuos cos concellos de Castro de Rei e Begonte) e acudir a unha contratación conxunta do servizo agora cos concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Begonte e Rábade a fin de obter a economía de escala propia dunha demanda agregada.

En efecto, a situación de colindancia ou proximidade destes concellos e a súa dispersión poboacional, aconsellan a súa organización cunha visión espacial supramunicipal, a fin de racionalizar as rutas de recollida e de transporte ou mesmo de mantemento e limpeza de contenedores. Asemade, un incremento do volumen económico do contrato facilita a amortización de inversión nova en equipos, o que vai redundar na eficiencia enerxética e ambiental do servizo.

A Directiva de contratación pública 2014/24/UE, de 26 de febreiro, insiste na técnica da compra conxunta, mediante centrais de compras ou mediante a posibilidade de que varios entes contratantes sumen as súas necesidades e tramiten un único procedemento de licitación (artigos 37 e 38).

En concreto, no artigo 38, baixo a denominación «Contratación conxunta esporádica», a nova Directiva contempla a posibilidade de que dous ou máis poderes adxudicadores poidan acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas, establecendo diferentes réximes de responsabilidade.





A responsabilidade será conxunta cando o procedemento desenvólvese na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de todos os poderes adxudicadores interesados e cando un só poder adjudicador administre o procedemento.

Ésta é a modalidade de contratación conxunta que se propón, xa que permite unha máis áxil tramitación do expediente de contratación e licitación.

Por último, sinalar que esta Directiva Europea se incorpora xa ao ordenamento xurídico español, a través do artigo 31 da Lei de Contratos do Sector Público (Lei 9/2017, de 8 de novembro - LCSP).

Neste sentido, o artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, prevé a seguinte regulación sobre os sistemas de colaboración na contratación administrativa:

1.- As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

a).- Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adxudicadores, e no artigo 33 para os entes do sector público que non teñan a consideración de poder adxudicador, na súa redacción dada pola LPGE 2021, no exercicio da súa potestade de auto organización, mediante o oportuno acordo de encarga.

b).- Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6.

2.- A efectos do disposto no apartado anterior, as entidades pertencentes ao sector público poderán en todo caso, acordar a realización conxunta de contratacións específicas.

3.- Cando un procedemento de contratación desenvólvese na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de varias entidades, estas terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigacións. Iso aplicarase tamén naqueles casos en que unha soa entidade administre o procedemento, por conta propia e por conta das demais entidades interesadas.

Cando un procedemento de contratación non se desenvolva na súa totalidade en nome e por conta das entidades interesadas, estas só terán a responsabilidade conxunta por aquelas partes que se levaron a cabo conxuntamente. Cada entidade será única responsable do cumprimento das súas obrigacións con respecto ás partes que leve a cabo no seu propio nome e por conta propia.”





Este convenio previo deberá cumprir as condicións do artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-, a súa finalidade debe ser garantir que os servizos públicos que incumben ás entidades préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común, e que o desenvolvemento da devandita cooperación guíese unicamente por consideracións relacionadas co interese público-.

Por todo o exposto, esta Alcaldía presenta ao Pleno o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do convenio que a continuación se redacta para realizar a tramitación de expediente de contratación e licitación conxunta do servizo de xestión de residuos nos termos municipais de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade, nos seguintes termos:

Os concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade, delegarán no Concello de Begonte o procedemento de contratación conxunta do dito servizo, nas condicións fixadas para o cal se formalizará previamente o oportuno convenio de colaboración.

A licitación efectuarase, nos termos establecidos na vixente Lei de contratos do sector público (LCSP), mediante o procedemento aberto, con tramitación ordinaria e regulación armonizada, establecendo no seu caso múltiples criterios de adxudicación.

O Estudo económico previo que se redacte e os pregos de condicións técnicas que ao efecto se elaboren deberán recoller as características comúns e aquelas outras específicas que na prestación do servizo se consideren necesarias por parte dos distintos concellos participantes.

2º.- Dar traslado da aprobación do texto do convenio aos demais concellos interesados e que continue no seu caso coa oportuna tramitación administrativa para levar a cabo esta contratación conxunta.

En Outeiro de Rei, na data de sinatura electrónica.

O Alcalde.

TEXTO DO CONVENIO

BORRADOR CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONTRATACIÓN CONXUNTA ESPORÁDICA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS NOS MUNICIPIOS DE BEGONTE, CASTRO DE REI, COSPEITO, FRIOL, GUNTÍN, MONDOÑEDO, OUTEIRO DE REI E RÁBADE.

REUNIDOS:





D. José Ulla Rocha, con DNI 34.892.275X , Alcalde do Concello de BEGONTE, con CIF nº P2700700D,

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, con DNI 33.327.642K, Alcalde do Concello de CASTRO DE REI, con CIF nº P2701000H,

D. Armando Castosa Alvariño, con DNI 33.858.630P, Alcalde do Concello de COSPEITO, con CIF nº P2701500G,

D. José Angel Santos Sánchez, con DNI 33.347.918B, Alcalde do Concello de FRIOL, con CIF nº P2702000G,

D. Angel Pérez Rodríguez, con DNI 34.278.753J, Alcalde do Concello de GUNTÍN, con CIF nº P2702300A,

D. Manuel Angel Otero Legide, con DNI 76.563.115W, Alcalde do Concello de Mondoñedo, con CIF nº P2703000F,

D. José Pardo Lombao, con DNI 33.817.919F, Alcalde do Concello de OUTEIRO DE REI, con CIF nº P2703900G,

D^a. Remedios González Cabarcos, con DNI 33.847.009W, Alcaldesa do Concello de RÁBADE, con CIF nº P2705600A,

Todos eles actúan en nome e representación do seu respectivo Concello, en virtude do establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, e recoñécense a capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o seu efecto

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no seu artigo 25.1, establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

No mesmo sentido, o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.





Por outra parte, esa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 25.2.b) sinala que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a xestión de residuos sólidos urbanos, configurándose ademais a recollida de residuos e a limpeza viaria como un servizo obrigatorio a prestar en todos os municipios (artigo 26.1.a) da Lei 7(85, de 2 de abril).

SEGUNDO.- O actual escenario de crise económica, que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar os custes e xestionar de forma compartida actuacións públicas.

Neste senso, é preciso poñer en valor os limitados recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a prestación asociada de servizos públicos, que neste caso se concreta no presente convenio de colaboración para a prestación conxunta do Servizo de Xestión de Residuos nos municipios de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Rábade, de xeito que se mitigue o impacto da crise na prestación do mesmo grazas á posta en común de medios.

TERCEIRO.-A contratación conxunta por parte de varios poderes adjudicadores xa foi abordada pola vixente Directiva 2014/24/UE, de 26 de febreiro, sobre contratación pública, e no seu artigo 38 se regula a chamada “ contratación conxunta esporádica “, que se incorpora ao ordenamento xurídico español a través do artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, permitindo a cooperación mediante os chamados sistemas de “cooperación horizontal” entre entidades pertencentes ao sector público e coa previa celebración dos correspondentes convenios de colaboración.

En concreto, no artigo 38, baixo a denominación «Contratación conxunta esporádica», esa nova Directiva 2014/24/UE contempla a posibilidade de que dous ou máis poderes adjudicadores poidan acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas, establecendo diferentes réximes de responsabilidade.

A responsabilidade será conxunta cando o procedemento desenvólvese na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de todos os poderes adjudicadores interesados e cando un só poder adjudicador administre o procedemento. Ésta é a modalidade de contratación conxunta que se propón, xa que permite unha máis áxil tramitación do expediente de contratación e licitación.

Pola súa parte, o artigo 31.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, sinala que:

As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual: b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa





celebración dos correspondentes convenios, nas condición e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6.

CUARTO.-En canto á colaboración ou cooperación entre administracións, tanto a Lei de Bases de Réxime Local (LBRL), a Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP) recollen en diversos apartados o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Así, o artigo 55 da LBRL regula as relacións interadministrativas e establece que para a efectividade da coordinación e eficacia administrativas, as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, dun lado, e as entidades locais, doutro, deberán nas súas relacións recíprocas “respectar o exercicio lexítimo polas outras Administracións das súas competencias e as consecuencias que deste se deriven para as propias, facilitar ás outras Administracións a información sobre a propia xestión que sexa relevante para o axeitado desenvolvemento por estas dos seus labores e prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras Administracións puidesen precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas”.

Por outra banda, o artigo 57 da LBRL establece, tamén no ámbito das relacións interadministrativas, que “a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as fórmulas e nos termos previstos nas Leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban. De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interviñesen neste, para os efectos de manter unha recíproca e constante información.” O artigo 194 e seguintes da LALGA di que “as relacións de colaboración económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto nos asuntos locais coma nos asuntos de interese común desenvolveranse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis.

De cada acordo formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interviñesen neste, para os efectos de manter unha recíproca e constante información. A colaboración e cooperación poderán realizarse mediante a subscrición de Convenios.”

Por último, o artigo 143 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que “as administracións públicas cooperará ao servizo do interese xeral e poderán acordar de xeito voluntario a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio”.

A tal efecto establece que “a formalización das relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de cooperación ou en convenios.”





QUINTO.- Que neste contexto e ao abeiro de todo o anterior, polos concellos asinantes se ACORDA a PRESTACIÓN ASOCIADA do SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS NOS MUNICIPIOS DE BEGONTE, CASTRO DE REI, COSPEITO, FRIOL, GUNTÍN, MONDOÑEDO, OUTEIRO DE REI E RÁBADE, mediante o presente convenio de colaboración segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio de colaboración é articular o sistema de cooperación horizontal entre os Concellos de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade , para levar a cabo a contratación conxunta esporádica do servizo de Xestión de Residuos nos seus Municipios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017-.

Para ese efecto, os Concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade delegarán a favor do Concello de Begonte a facultade para levar a cabo - en nome propio e ademais en nome e por conta das demais entidades - a xestión do procedemento de licitación do dito contrato administrativo.

A tramitación unificada do procedemento comprenderá todos os actos propios da preparación e adxudicación da contratación.

Finalizado o procedemento de licitación e unha vez ditado o acordo de adxudicación polo concello xestor, o órgano competente de cada entidade asinante efectuará, separadamente, a tramitación necesaria para a formalización do contrato e será responsable da resolución de cantas incidencias puideran xurdir durante o período de vixencia do contrato.

CLÁUSULA 2ª.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio de colaboración artículase en base á previsión do artigo 31 da Lei 9 /2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 6 da citada norma e os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

Para os efectos previstos no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-, resultarán de aplicación as disposicións que recolle o artigo 50, o presente convenio de colaboración non ten carácter contractual , senón que se cingue ás previsións que o lexislador estatal recolle para os convenios de colaboración.

Así mesmo, a articulación da presente colaboración fundaméntase nas previsións do artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, Lei de Réxime Xurídico do Sector Público - LRJSP -.





O presente convenio de colaboración se incardina no tipo recolleito no artigo 47.2.a) da dita Lei 40/2015, do 1 de outubro, Lei de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

CLÁUSULA 3ª.- ÓRGANO COMPETENTE

Corresponderá ao Pleno de cada Corporación ou órgano competente conforme á lexislación vixente a aprobación do presente convenio de colaboración.

CLÁUSULA 4ª.- COMPETENCIA NA QUE SE FUNDAMENTA A COLABORACIÓN

Os Concellos de Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade levan a cabo a aprobación e formalización do presente convenio de colaboración ao amparo do exercicio da competencia propia que o artigo 25.2.b) da Lei 7 /1985, do 2 de abril, Lei Reguladora das Bases de Réxime Local -LRBRL-, recoñece aos municipios.

Así mesmo, a articulación da presente colaboración fundaméntase nas previsións do artigo 143 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, Lei de Réxime Xurídico do Sector Público -LRSP- e no artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017- .

CLÁUSULA 5ª.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS ASUMIDOS POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES.

De conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, Lei de Réxime Xurídico do Sector Público -LRSP-, os compromisos financeiros que se inclúen no presente convenio son financeiramente sostibles, declarando as partes ter a capacidade necesaria para financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

Estes compromisos financeiros son os seguintes:

- Gastos previos derivados das necesarias actuacións preparatorias e da tramitación do procedemento da licitación e das súas incidencias, incluídos os da posible impugnación e os seus efectos, que serán asumidos a partes iguais entre as entidades asinantes.
- Gastos derivados da posterior execución do contrato de prestación do servizo, a partir da súa formalización, nos que cada parte asinante asumirá os correspondentes ao seu termo municipal.

Nese sentido, co fin de garantir o seu financiamento, con carácter previo á eventual licitación do contrato administrativo de servizos de xestión de residuos por parte do Concello de Begonte, os demais concellos asinantes deberán acreditar a existencia de crédito suficiente e axeitado para asumir o gasto correspondente tanto aos gastos previos como os posteriores da prestación do servizo no seu termo municipal.





As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

Así mesmo, a xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos derivados do presente convenio que inclúan compromisos financeiros para este Concello, así como cos fondos comprometidos en virtude deste convenio, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.

As previsións do presente convenio deberán cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As Entidades asinantes asumen as mesmas condicións dos obxectos contractuais e aceptan integramente as bases do procedemento, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que se redactarán pola entidade xestora.

Obrigas do Concello de Begonte:

1. O Concello de Begonte comprométese - en nome propio e por conta das demais entidades asinantes - a levar a cabo a licitación e adxudicación do contrato administrativo de servizos de XESTIÓN DE RESIDUOS NOS MUNICIPIOS DE BEGONTE, CASTRO DE REI, COSPEITO, FRIOL, GUNTÍN, MONDOÑEDO, OUTEIRO DE REI E RÁBADE, suxeitándose aos principios básicos de actuación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-.

2. O obxecto contractual do contrato para licitar determinará que cada Concello asinante do presente convenio poderá executar a prestación contractual dentro do seu termo municipal, sen que, de ningún xeito, poida un Concello extra limitarse do seu ámbito territorial para exercer competencias noutro municipio .

3. O Concello de Begonte informará aos demais Concellos afectados das actuacións realizadas antes, durante e despois da licitación do citado contrato.

4. O Concello de Begonte comprométese a publicar en todo momento que a actuación para licitar realízase mediante un procedemento realizado ao amparo dun sistema de cooperación horizontal.

Obrigas dos Concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade:

1. Os Concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade, comprométese a realizar en favor do concello de Begonte as achegas económicas que resulten da totalidade dos gastos derivados tanto das actuacións preparatorias como da tramitación do procedemento e das incidencias da licitación, incluídos os da posible impugnación e os seus efectos.





2.- Os Concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade, remitirán ao concello de Begonte - en canto que xestor da contratación – toda a información necesaria previa e precisa para a elaboración dos documentos técnicos esixibles como o estudo de viabilidade económica do servizo e demais actuacións preparatorias e dos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a prestación contractual no seu ámbito de competencias.

3.- Os Concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade, comunicarán no seu caso ao concello xestor o nome da persoa física ou xurídica que deba exercer as funcións de responsable do contrato na parte que lle afecte ao seu Concello.

CLÁUSULA 6ª. CONSECUENCIAS APLICABLES EN CASO DE INCUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS E COMPROMISOS ASUMIDOS POR CADA UNHA DAS PARTES

O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos polas partes asinantes, recollidos no presente convenio, determinará a resolución do presente convenio de colaboración, previo procedemento contraditorio no que se garanta a audiencia á/ás parte/es interesada/as.

CLÁUSULA 7ª.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO, VIXILANCIA E CONTROL DA EXECUCIÓN DO CONVENIO E DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLOS ASINANTES.

Para facilitar o seguimento, vixilancia e control da execución do presente convenio, constituirase unha Comisión integrada por un representante de cada unha das administracións asinantes, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

Todos os membros da Comisión terán voz e voto, fóra do Secretario da Comisión, que terá voz, pero non voto.

O réxime de funcionamento da devandita Comisión de seguimento axustarase ao disposto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-.

CLÁUSULA 8ª - PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa vixencia finalizará unha vez se produza a adxudicación válida do contrato.

Non caberá a prórroga tácita do presente convenio de colaboración.

CLÁUSULA 9ª.- EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO E EFECTOS DA MESMA.





O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio de colaboración:

- a) O acordo unánime das partes, mediante o órgano competente que aprobou o convenio.
- b) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- d) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no ordenamento xurídico aplicable.

O cumprimento e resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos asumidos polas partes.

CLÁUSULA 10ª.- NORMATIVA APLICABLE.-

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio, estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

CLÁUSULA 11ª.- NATUREZA E RÉXIME DE INTERPRETACIÓN DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas en primeiro lugar pola comisión mixta de seguimento, e no caso de non chegar as partes a un acordo, se someten ao coñecemento dos tribunais da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade con cuanto antecede asinan o presente convenio os intervenientes, na súa representación respectiva, e na data e lugar ao principio apuntados”.

Explica o Sr. Alcalde o punto a tratar e di que espera que o servizo se siga prestando nas mesmas condicións.

Faise a delegación en Begonte para que leve a cabo a tramitación da contratación.

Sométese a votación este asunto resultando aprobado popr 12 votos a favor (9 do PP e 3 de BNG) e 1 abstención do PSOE

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS:

1º.-O Sr. alcalde da lectura ó primeiro rogo do BNG:

ROGO RELATIVO Á SUBA DE POTENCIA ELÉCTRICA NOS CENTROS SOCIO-CULTURAIS EXPOSICIÓN DE MOTIVOS Ofrecer espazos dignos e ben acondicionados é





responsabilidade da administración pública, e máis cando esta é a titular dos inmobles. No caso da poboación do noso Municipio, esta responsabilidade recae no equipo de goberno do Concello. Trátase dunha problemática que nos fai chegar a veciñanza e que leva tempo xerando preocupación e dificultando o desenvolvemento normal de actividades: a insuficiente potencia eléctrica dispoñible en moitos casos, obstaculiza o uso axeitado de equipos audiovisuais, calefacción, ordenadores ou outro material básico para a realización de actividades formativas, culturais ou recreativas. Cómpre lembrar que estes locais son titularidade do Concello, e que as asociacións, malia ser quen dinamizan e dan vida a estes espazos, non teñen capacidade legal nin técnica para acometer melloras estruturais como o aumento da potencia eléctrica. Isto fai que moitas veces teñan que recorrer a solucións temporais, como o uso de xeradores, ou mesmo cancelar actividades, o que resulta pouco práctico, inseguro e contrario a unha xestión sustentable dos recursos. A mellora na capacidade dos Centros Sociais e Veciñais permitiría fortalecer o tecido asociativo, fixar poboación, especialmente moza, e dar respostas ás necesidades reais dunha comunidade activa, participativa e comprometida co desenvolvemento local. Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese á consideración polo Pleno deste Concello este ROGO, propoñendo a adopción do seguinte ACORDO: -Instar ao Concello que estude e valore a posibilidade de acometer as reformas necesarias para garantir unha potencia eléctrica axeitada nos Centros Sociais, Veciñais e Culturais do Concello, co obxectivo de mellorar as condicións nas que se desenvolven actividades que benefician conxuntamente á veciñanza, fomentan a participación cidadá e contribúen á dinamización do rural.

contesta o Sr. alcalde que as potencias son case mínimas porque todas as parroquias teñen unha potencia contratada moi baixa. Que isto é así polo pouco uso que teñen, De solicitarse mais potencia, o mirarán e de ser o caso, aumentarase.

2º.-ROGO DO BNG RELATIVO Á ADHESIÓN DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Xunta de Galiza adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas é “un instrumento fundamental de colaboración da Consellería e os Concellos para velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio (...) especialmente no medio rural”.

Contribúe:

“A empregar os recursos naturais -aire, auga e solo- con racionalidade, con intelixencia e con prudencia.





Mellorar a cohesión social e a calidade de vida dos cidadáns, favorecendo a promoción de vivendas asequibles en entornos amables e dotados de infraestruturas, equipamentos e espazos públicos suficientes e adecuados.

Protexer e poñer en valor o patrimonio natural e cultural e a riqueza paisaxística dos espazos naturais e do litoral, que constitúen elementos esenciais da identidade de Galicia. ”

A Axencia asume competencias de inspección, sanción e restablecemento da legalidade, integramente con recurso económicos, técnicos e humanos da propia Axencia, non supoñendo ningún custo en absoluto para o Concello.

É máis, os Concellos adheridos, reciben da Axencia o 10% do importe das multas e das sancións recadadas no termo municipal.

Os Concellos illanse tamén da responsabilidade derivada das actuacións en materia urbanística, que tamén é asumida pola Axencia.

A Axencia facilita o persoal dos Concellos asesoramento, asistencia técnica, asistencia xurídica e formación, sen contraprestación algunha.

(Todos os datos e informacións contidas neste rogo son tirados da propia web da Axencia, e publicados pola Consellería correspondente).

Parece que os beneficios que suporían para o noso Concello, para o persoal técnico do mesmo e para a cidadanía en xeral, desta adhesión son incontestábeis, non habendo ningunha razón para que o Concello de Outeiro de Rei non se adhira á mesma. Porén, verificamos na web da Axencia e en contacto directo con ela que Outeiro é dos Concellos da Provincia sen acordo con ela.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese á consideración polo Pleno deste Concello este ROGO, proponendo a adopción do seguinte

ACORDO:

-Instar ao Concello que estude a que inicie o proceso de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galiza.

Di o SR. Alcalde que a APLU xa actúa en rústico e que os concellos actúan en urbano e núcleo rural. Que xa hai no concello persoal para esas tarefas e non interesa.

3ºROGO DO BNG RELATIVO Á ADECUACIÓN DA COBERTURA DE MÓBIL E REDE EN OUTEIRO DE REI EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado día 16 de abril, a Federación de Asociacións de veciños de Lugo (da que forman parte as Asociacións de veciños de Vicente, San Lourenzo e Guillar) facía públicos os datos dun estudo realizado na Provincia, sobre cobertura de teléfono móbil e rede de Internet; nun





informe que se remitía á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galiza. Neste informe, a Federación destaca as eivas existentes nos Concellos de Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín e Outeiro de Rei; con queixas da veciñanza ao respecto. Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese á consideración polo Pleno deste Concello este ROGO, proponendo a adopción do seguinte ACORDO: -Instar ao Concello que solicite á Xunta de Galiza, con relación ás súas competencias, a axeitada a cobertura móbil e de rede para a veciñanza de Outeiro de Rei. -Instar ao Concello de Outeiro de Rei, a través da Concellaría específica de Novas Tecnoloxías, a analizar a dispoñibilidade, intensidade de sinal e capacidade na veciñanza de Outeiro de Rei, con especial atención ás áreas máis rurais do Concello.

Di o Sr. alcalde que hai fibra óptica en todo o territorio e que sempre estará traballando para o desenvolvemento de cobertura, pero incide en que a competencia é do goberno central.

1º.- PREGUNTA DO PSOE

1- Xa teñen preparado o proceso administrativo correspondente para a concesión da explotación dun ben público como é a cafetería da Piscina Municipal “Pool Bar” para a próxima tempada de verán?

2- Teñen xa coñecemento das contas saídas da concesión administrativa da tempada do verán de 2024?

3- Saben xa se foi rendible a súa explotación?

Contesta o Sr. alcalde que non foi rendible e que xa está publicada a nova licitación e á espera de ver quen se presenta.

2º.- PREGUNTA DO BNG RELATIVA AO CENTRO DE DÍA

Pola propia estrutura deste concello, existen moitas persoas que vivindo nel, traballan fóra de Outeiro, co que necesitan lugares onde poder deixar con todos os coidados e atencións ás persoas maiores que teñen ao seu cargo mentres están nos seus postos de traballo. Os Centros de DÍA son a opción mellor valorada polas propias persoas maiores, pois permite que sigan vivindo nas súas casas coas súas familias e, ademais, que as persoas das que dependen poidan conciliar a vida familiar e laboral de forma axeitada. Outeiro de Rei é practicamente o único concello de máis de 5.000 habitantes que non ten aínda este servizo público en funcionamento, obrigando a moitas veciñas e veciños a acudir a Centros de DÍA de concellos limítrofes para poder ter acceso a este servizo. En xuño de 2017 o BNG presentou unha moción para que Outeiro de Rei se dotase dun centro de DIA, moción que foi rexeitada polo alcalde e pola maioría do PP. Un ano despois, en maio de 2018, noutro cambio de opinión do alcalde, o concello iniciou os trámites para adaptar a antiga Casa Reitoral en Centro de DIA, aprobando e presentando o proxecto correspondente e pouco despois iniciando as obras. Agora, sete anos despois, e coas obras teoricamente rematadas, Outeiro de Rei segue sen Centro de DIA, existindo unha necesidade máis urxente que nunca deste servizo. Aínda así, o alcalde leva anunciando dende hai meses que se van celebrar nos





locais que deberan destinarse a ese Centro de DIA “distintas actividades do Concello” sementando aínda máis a incerteza sobre a apertura dese Centro de DIA. E por todo iso e dado que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes preguntas: PREGUNTAS: - Cal é o motivo polo que aínda non se puxese en servizo o Centro de DIA de Outeiro de Rei? - Cando teñen pensado poñelo en funcionamento? - Que tipo de actividades se van celebrar nos locais que ían ser dedicados a ese Centro de DIA? - Ten o concello os permisos necesarios para a apertura deses locais para actividades distintas das que ían ter en principio, as dun Centro de DIA?

Contesta o Sr. Alcalde que hai uns poucos investimentos realizados e faltan outros. E que non hai intención de facer un uso diferente do Centro de Día. Que ten 2 obxectivos: 1.- asistencial e 2.- de mellora do patrimonio

3º.- PREGUNTA BNG VESPA VELUTINA EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de marzo, a Dirección Xeral de Administración Local, inserida na Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, iniciaba a campaña de trampeo contra da vespa velutina.

A campaña, que se estendera no ano previo a 261 Concellos galegos, busca minimizar o impacto desta especie, a través da colocación de trampas na época na que as raíñas saen do letargo do inverno e comezan de novo a actividade e construción de novos niños.

Por todo o exposto con anterioridade, dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei facemos ante ao Pleno as seguintes preguntas:

PREGUNTAS:

-Existe convenio ou acordo de colaboración coa Dirección Xeral e/ou coa Consellería para que as actividades de prevención xa postas en marcha se realicen en Outeiro de Rei?

-Que actividades se realizarán no noso Concello para a prevención da expansión da vespa velutina ou a retirada de niños? En que datas van a realizarse?

-Ten o Concello de Outeiro de Rei algún estudo, ou estimación sobre o impacto desta especie no termo municipal?

Contesta o Sr. Alcalde que xa está asinado o convenio coma todos os anos

C) ROGOS E PREGUNTAS





Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

